

Resolución pola que se aproba a convocatoria para a realización do I Concurso de graffiti-mural “aBANZAI” para a mocidade

A Concelleira delegada titular da Área de Mocidade, Benestar Social, Igualdade e Muller, aprobou por resolución do 20.08.2018 as **Bases reguladoras do I Concurso de graffiti-mural “aBANZAI” para a mocidade**.

En cumprimento do anterior resolvo:

Primeiro.- Aprobar a **convocatoria para a realización do I Concurso de graffiti-mural “aBANZAI” para a mocidade**, de conformidade coas bases reguladoras aprobadas o 20.08.2018.

Segundo.- O prazo de solicitude será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria.

Terceiro.- Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo á Bases de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 382003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO (En galego)

Convocatoria para a realización do I Concurso de graffiti-mural “aBANZAI” para a mocidade

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da **convocatoria para a realización do I Concurso de graffiti-mural “aBANZAI” para a mocidade**.

O texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Participantes

Poderá participar neste concurso calquer/a artista, individualmente ou en grupo (máximo 4 compoñentes), con idades comprendidas entre os 16 e os 35 anos.

Segundo. Obxecto

Expresar a través da modalidade artística do graffiti:

- Un modelo de mobilidade urbán sostible que sexa respectuoso co medio ambiente.
- Formas de desprazamentos máis sostibles (transporte público, skate, bici e a pé) reducindo así a necesidade de mobilidade co vehículo privado.
- A cohesión social garantindo a mobilidade de todos e todas, incluídas as persoas con mobilidade reducida e diversidade funcional.

- O deseño de espazos públicos que faciliten a cohesión social e teña como resultado unha cidade inclusiva e respectuosa coa diversidade, dende a perspectiva da mocidade.
- A promoción de espazos urbáns que poñan no centro o coidado das persoas, a conciliación, a infancia e o uso do espazo público pola mocidade, como eixo fundamental para a revitalización dunha cidade.

Terceiro. Bases reguladoras

O concurso rexerese polas bases específicas, **aprobadas o 20.08.2018.**

Cuarto. Contía

O importe do concurso ascende a un total de **3.910,00 euros con cargo ao orzamento do ano 2018.**

Quinto. Criterios de valoración

As obras avaliaranse segundo os criterios que se indican na Base 7 das bases reguladoras.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria.

ANEXO (En castellano)

Convocatoria para a realización del concurso de I graffiti-mural "aBANZAI" para jóvenes

De conformidad con lo dispuesto en los artículos 17.3.b) y 20.8) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones, se publica el extracto de la **convocatoria para la realización del I Concurso de graffiti mural "aBANZAI" para la juventud.**

El texto completo se puede encontrar en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primero. Participantes

Podrá participar en este concurso cualquier artista, individualmente o en grupo (máximo 4 componentes), con edades comprendidas entre los 16 y los 35 años.

Segundo. Objeto

Expresar a través de la modalidad artística del graffiti:

- Un modelo de movilidad urbana sostenible que respete el medio ambiente.
- Formas de desplazamiento más sostenible (transporte público, skate, bicicleta y a pie) reduciendo así la necesidad de movilidad con vehículo privado.
- Cohesión social que garantiza la movilidad de todos, incluidas las personas con movilidad reducida y diversidad funcional.
- El diseño de espacios públicos que faciliten la cohesión social y den como resultado una ciudad inclusiva y respetuosa con la diversidad, desde la perspectiva de la juventud.
- La promoción de los espacios urbanos que pongan en el centro el cuidado de las personas, la conciliación, la infancia y el uso del espacio público por los jóvenes, como eje fundamental para la revitalización de una ciudad.

Tercero. Bases reguladoras

El concurso se regirá por las bases específicas, **aprobadas el 20.20.2018.**

Cuarto. Cuantía

El importe del concurso asciende a un total de **3.910,00 euros con cargo al presupuesto del año 2018.**

Quinto. Criterios de valoración

Los trabajos serán evaluados de acuerdo con los criterios indicados en la Base 7 de las bases reguladoras.

Sexto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud será de diez días naturales contados a partir del día posterior a la publicación en el BOP de A Coruña del extracto de esta convocatoria.

Así o manda e asina a concelleira delegada titular da Área de Mocidade, Benestar Social, Igualdade e Muller.

Ferrol,

A concelleira

Ante mío, o secretario